



A necesaria Regulación Profesional no Deporte e a Educación Física

A transcendencia da práctica deportiva

A Constitución Española proclama no seu artigo 43.3 que *os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo, facilitarán a axeitada utilización do ocio.*

Enténdese por **deporte** *todo tipo de actividades físicas que, mediante unha participación organizada ou de outro tipo, teñan por finalidade a expresión ou a mellora da condición física e psíquica, o desenvolvemento das relacións sociais ou o logro de resultados en competicións de todos os niveis*¹.

O sistema deportivo español, que ten experimentado un enorme crecemento económico e un espectacular salto de calidade nas dúas últimas décadas, demanda unha regulación referente á cualificación necesaria para xestionar e atender os servizos deportivos que se desenvolven no importante parque de instalacións e espazos deportivos que existe no estado. Segundo o último censo elaborado polo Consello Superior de Deportes en colaboración coas Comunidades Autónomas, hai 360.000 instalacións deportivas de todo tipo no estado, das cales o 51 por 100 son de titularidade pública e o 49 por 100 privadas.

As políticas deportivas de promoción da actividade física saudable apostan claramente pola construción de instalacións deportivas e por actividades auto-organizadas polos propios usuarios. De todos é coñecido que nin as instalacións por si mesmas, nin as inversións económicas illadas, aseguran a práctica deportiva. Os **profesionais do deporte** desempeñan un papel esencial no impulso da actividade física. Resulta ilóxico que, ante este novo escenario, os poderes públicos continúen alleos a garantir a saúde, a calidade e a seguridade na práctica deportiva sen **esixir unha mínima cualificación** ás persoas que prestan os servizos deportivos aos cidadáns.

O deporte é unha actividade persoal e social de interese xeral que o Estado debe atender para garantir que a súa práctica sexa saudable e libre de riscos. O deporte implica, xeralmente, unha actividade que pode ser beneficiosa para todos os cidadáns cando se realiza de maneira axeitada. Unha correcta labor educativa e de supervisión pode axudar ás persoas a atopar unha fórmula correcta para o mantemento dun estilo de vida activo e saudable. Pola contra, baixo a dirección ou supervisión de persoas sen as competencias apropiadas pode constituír un **grave risco**, especialmente en determinados colectivos (menores de idade, discapacitados, idade avanzada,...) ou en determinadas circunstancias (prácticas no medio natural, etc.)

As profesións do deporte que reúnen a necesidade de ser reguladas pola súa grande incidencia na seguridade e na protección da saúde dos cidadáns (nun senso amplo) son a de profesor/a de educación física, monitor/a deportivo profesional, adestrador/a deportivo profesional e director/a deportivo. As titulacións afectadas que habilitan para traballar no ámbito da actividade física e o deporte representan a un amplo colectivo que inclúe, entre outros, a titulados universitarios (graduados/as e licenciados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e mestres/as especialistas en Educación Física), aos titulados en Formación Profesional, así como aos titulados en Ensinanzas Deportivas de Réxime Especial.

A existencia dun campo profesional non delimitado e precario

O sector do deporte é, ate o día de hoxe, un dos mercados profesionais máis abertos e susceptibles de permitir o exercicio a todo tipo de persoas e que se caracteriza por constituír unha importante economía somerxida, cunha alta precariedade e infra-contratación. Actualmente, podemos encontrar intervindo directamente nas profesións do deporte dende persoas voluntarias que non perciben remuneración (algunhas delas poden recibir compensación de gastos de desprazamento, por exemplo), ata traballadores remunerados. Pero entre o persoal que recibe remuneración (a maioría sen contrato), pódense atopar persoas sen titulación nin formación

¹ Definición adoptada na Recomendación N° R (92) 13 REV do Comité de Ministros dos Estados Membros sobre a Carta Europea do Deporte Revisada (adoptada o 24/setembro/1992 – 480ª reunión e revisada logo da 752ª reunión o 16/maio/2001)



específica, persoas que teñen realizado algunha formación deportiva con recoñecemento non oficial (certificado, diploma, título exclusivamente federativo, etc.), persoas que dispoñen de título oficial de calquera área de coñecemento excepto en materia deportiva, e profesionais formados con titulación deportiva oficial (ben universitaria, de formación profesional ou de Ensinanzas Deportivas de Réxime Especial).

A esixencia de profesionais competentes

O obxectivo da esixencia de titulación en determinadas profesións do deporte é o de salvagarda do interese xeral, establecendo como requisito indispensable a demostración de posuír as competencias necesarias para desempeñar a profesión e asumir as responsabilidades que delas se derivan.

En principio, e tal como di a nova lexislación que traspón a directiva europea de servizos *“por norma xeral, todas as profesións son libres agás as profesións tituladas que son as que requiren de certos títulos para exercer determinadas actividades profesionais”*. Para que as profesións do deporte sexan tituladas é necesario que o lexislador - mediante lei - indique de xeito argumentado cales son as actividades profesionais que deben ser realizadas por profesionais con titulación en base á defensa dos intereses xerais da poboación.

As autoridades europeas en materia de Deporte recomendan que *“calquera persoa que desenvolva tarefas de dirección ou supervisión de actividades deportivas deberá posuír as cualificacións necesarias, con especial atención á seguridade e á protección da saúde das persoas ao seu cargo”* (Art. 9.2. Carta europea do Deporte, 1992), así mesmo, *“as autoridades públicas deben identificar as profesións que teñen as competencias necesarias para promover a actividade física e ter en conta como poden facilitarse os roles profesionais pertinentes a través de sistemas de recoñecemento apropiados”* (Directriz 15 Unión Europea: Actuacións recomendadas para apoiar a actividade física que promove a saúde, 2008).

A pesar dos infrutuosos intentos legislativos de ordenar esta cuestión e de que as leis do mercado baseadas no aforro dos custos de persoal teñen evidenciado un resultado negativo respecto á baixa calidade nos servizos deportivos e as escasas garantías cara os usuarios, o Parlamento catalán aprobou **“por unanimidade” a Lei 3/2008, de 23 de abril, do exercicio das profesións do deporte**, co obxecto de asegurar unha formación mínima das persoas que prestan os servizos profesionais en aras da saúde e da seguridade dos practicantes. Actualmente estase a desenvolver con total aceptación social e ausencia de controversias.

En febreiro de 2007 o Consello de Ministros do Goberno español foi informado polo Ministerio de Educación e Ciencia sobre o Anteproxecto de Lei do exercicio profesional no ámbito da actividade física e o deporte, froito do traballo dunha comisión de estudo do Consello Superior de Deportes (CSD) para a regulación do exercicio profesional no ámbito da actividade física e do Deporte, así como dos expertos xurídicos que redactaron o preámbulo e o articulado.

A colexiación obrigatoria nas profesións do deporte

A Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas Leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio especifica: *“Será requisito indispensable para o exercicio das profesións acharse incorporado ao Colexio Profesional correspondente cando así o estableza unha Lei estatal”* (Art. 5.5.2).

O goberno **ten previsto remitir ao parlamento o proxecto de lei que definirá qué profesións deben ser colexiadas**, anque o prazo, segundo a disposición transitoria cuarta, é de 12 meses dende a entrada en vigor da Lei Ómnibus, que foi o 27 de decembro de 2009.

O obxectivo da esixencia de colexiación é o de asegurar e mellorar a calidade dos servizos prestados polos profesionais e contribuír ao cumprimento e respecto do código deontolóxico profesional. A obriga de incorporación a un Colexio para o exercicio da profesión xustifícase como garantía dos intereses dos seus clientes e/ou usuarios, nunca en atención aos intereses dos profesionais.

Desta maneira, e dada a singularidade e excepcionalidade das profesións propias do deporte, debe recoñecerse a colexiación obrigatoria cando o Colexio profesional desempeña verdadeiras funcións de control deontolóxico dos profesionais e de defensa dos intereses dos consumidores e usuarios, é dicir, garante a calidade, a



seguridade e a saúde, así como a protección dos intereses xerais da cidadanía en canto á información, dirección e educación na súa práctica deportiva.

Defensa dos dereitos básicos dos consumidores e usuarios

1. A protección contra os riscos que poidan afectar a súa saúde ou seguridade.

O Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias, expón que toda persoa ten **dereito á protección da saúde e seguridade**.

Os servizos profesionais propios do ámbito do deporte son valiosos para a sociedade en xeral debido á íntima conexión que ten o exercicio coa formación integral e a saúde das persoas. A falla de regulación profesional provoca unha situación de descontrol, desprotección e inseguridade, xa que o subministro destes servizos pode ser insuficiente ou inadecuado.

Os fundamentos xurídicos da Sentenza 194/1998, de 1 de outubro, citada varias veces no informe da Comisión Nacional da Competencia para todas as profesións (2008), convertéronse nos principais argumentos para considerar que **o deporte é unha actividade de interese xeral** onde existe a necesidade de protexer os intereses de saúde, seguridade, calidade e información da cidadanía: *"a propia Constitución contén un mandato aos poderes públicos para que fomenten a educación física e o deporte (artigo 43.3 da CE) e que tales actividades aparecen, por outra banda, estreitamente vinculadas coa saúde á que se refire o apartado 1 do mesmo artigo 43.3 CE, de sorte que non son só un medio para o seu mantemento, senón que permiten evitar as repercusións negativas que sobre a mesma pode ter un exercicio non axeitado das diversas actividades físicas e deportivas, especialmente naqueles deportes cuxo exercicio supón un risco moitas veces non pequeno. Sen que poida, por outra parte, descoñecerse a importancia e valoración cada vez maior destas actividades, ás que os poderes públicos veñen respondendo co establecemento de novas esixencias de cualificación para os profesionais dedicados ás mesmas"*.

Este tamén é o criterio contido na Directiva 2005/36/CE, de 7 de setembro, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, segundo a cal *"a prestación de servizos debe garantirse no marco dun respecto estrito da saúde e seguridade públicas e da protección do consumidor"* e *"deben preverse disposicións específicas para as profesións reguladas que teñan relación coa saúde ou a seguridade públicas"*.

2. A información correcta sobre os diferentes bens ou servizos e a educación e divulgación para facilitar o coñecemento sobre o seu axeitado uso, consumo ou goce.

A asimetría de información entre clientes e prestadores de servizos profesionais, na medida en que se require que os profesionais posúan un alto nivel de coñecementos técnicos pode levar a que, aos consumidores que non dispoñan deses coñecementos, lles resulte difícil xulgar a calidade dos servizos que adquiren.

Na promoción da actividade física, os profesionais do deporte deben dispor e ofrecer unha axeitada información sobre súa necesidade, sobre a mellor maneira de introducila na vida cotiá e sobre os cambios para un estilo de vida saudable. Faise indispensable a supervisión dos principiantes e evitar o abandono prematuro, sobre todo perante a problemática do incremento dos estilos de vida sedentarios, do sobrepeso e a obesidade, principalmente en nenos e adolescentes.

As organizacións colexiais, para a mellor defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios, ofrecerán obrigatoriamente, a través do seu portelo único, a seguinte información, que deberá ser clara, inequívoca e de balde:

- a. O acceso ao Rexistro de colexiados, que estará permanentemente actualizado e no que constarán, cando menos, os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais colexiados, número de colexiación, títulos oficiais dos que estean en posesión, domicilio profesional e situación de habilitación profesional.



- b. O acceso ao rexistro de sociedades profesionais, que terá o contido descrito no artigo 8 da Lei 2/2007, de 15 de marzo, de sociedades profesionais.
- c. As vías de reclamación e os recursos que poderán interpoñerse no caso de conflito entre o consumidor ou usuario e un colexiado ou o colexio profesional.
- d. Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios ás que os destinatarios dos servizos profesionais poden dirixirse para obter asistencia.
- e. O contido dos códigos deontolóxicos.

Toda instalación ou establecemento de uso público no que se presten servizos de carácter deportivo, calquera que sexa a entidade titular, deberá ofrecer unha información, en lugar perfectamente visible e accesible, dos datos técnicos da instalación ou do establecemento, así como do seu equipamento e o nome e titulación respectiva das persoas que presten servizos profesionais nos niveles de dirección técnica, ensinanza ou animación (Artigo 72 da Lei 10/1990, de 15 de outubro, do Deporte).

4

3. A indemnización dos danos e a reparación dos prexuízos sufridos.

Todo profesional que intervéñ na práctica deportiva debe ofrecer garantías ao consumidor e usuario e asumir as responsabilidades propias do exercicio profesional. Por isto debe esixirse, ademais dunha actualización en cuestións de primeiros auxilios, a garantía dun seguro de responsabilidade civil para poder facer efectiva a indemnización no caso de que se provoque algún dano ás persoas.

4. A protección dos intereses económicos e sociais dos consumidores e usuarios.

Os colexios profesionais do deporte disporán de *Servizo de atención aos colexiados e aos consumidores ou usuarios* para evitar conflitos en materia de publicidade enganosa, cláusulas abusivas, transparencia de prezos, defensa da calidade, garantías, etc.

Tamén ofrecerán *sistemas extraxudiciais de resolución de conflitos* que reúnan os requisitos previstos na Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas Leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Polo tanto, **para conseguir que o exercicio das profesións do deporte se desenvolva coa máxima calidade na prestación do servizo, garantido a seguridade e a saúde dos destinatarios, e protexendo sempre os intereses dos consumidores e usuarios, RECLAMAMOS:**

- ❖ **QUE ANTE A NECESIDADE DE SERVIR AO INTERESE PÚBLICO XERAL, AS “PROFESIÓNS DO DEPORTE” SE INCORPOREN COMO PROFESIÓNS COLEXIADAS NA FUTURA LEI DE SERVIZOS PROFESIONAIS.**
- ❖ **QUE O ACCESO E EXERCICIO DAS PROFESIÓNS PROPIAS DO DEPORTE SE REALICE COA AXEITADA ESIXENCIA NAS COMPETENCIAS DOS PROFESIONAIS.**